

Informe de accións de coordinación GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA Curso 2022-2023

Índice

I. Información xeral	2
II. Coordinación.....	2
III. Accións de coordinación.....	2
IV. Conclusións.....	4
V. Anexos.....	4

I. INFORMACIÓN XERAL

Denominación do título	GRAO EN DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA
Centro(s) onde se imparte o título	FACULTADE DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA (Campus de Pontevedra)
Títulos interuniversitarios, universidade coordinadora e universidade(s) participante(s)	UNIVERSIDADE DE VIGO
Curso de implantación	Impártense dous plans de estudos: 1º, 2º e 3º curso segue o plano implantado no curso 2020/2021; 4º curso segun o plano implantado no curso 2016/2017.

II. COORDINACIÓN

Coordinación de títulos	Coordinador do Grao en Dirección e Xestión Pública: OSCAR BRIONES GAMARRA
Equipo coordinador do curso (se procede)	<ul style="list-style-type: none"> ▪ COORDINADOR DE PRÁCTICAS (GDXP): ÓSCAR BRIONES GAMARRA e JOSÉ MARÍA CHAMORRO. ▪ COORDINADORA DOS TFG (GDXP): ROSA MARIA RICOY CASAS ▪ COORDINADORES DO MÓDULO CONTEXTO E SISTEMA: ENRIQUE JOSÉ VARELA ÁLVAREZ ▪ COORDINADOR DO MÓDULO DE XESTIÓN PÚBLICA: XOSÉ MARÍA MAHOU LAGO E ENRIQUE JOSÉ VARELA ÁLVAREZ ▪ COORDINADOR DO MÓDULO DE DIRECCIÓN PÚBLICA: CELSO CANCELA OUTEDA ▪ COORDINADOR DE VIRTUALIZACIÓN: XOSÉ MARÍA MAHOU LAGO ▪ COORDINADORA DOS PAT (GDXP): SORAYA RODRÍGUEZ LOSADA -TITOR DE PAT DE 1º CURSO: JOSÉ MARÍA CHAMORRO -TITOR DE PAT DE 2º CURSO: ADELA GARCÍA-PINTOS ESCUDER -TITORA DE PAT DE 3º CURSO: CELSO CANCELA -TITORA DE PAT DE 4º CURSO: ÁLVARO XOSÉ LÓPEZ MIRA

III. ACCIÓNS DE COORDINACIÓN

Descríbanse as accións realizadas no curso académico:

3.1. Reunións

3.1.1. Reunións da Xunta de Facultade de Dirección e Xestión Pública

A maioría das decisións e labores de coordinación realízanse a través da Xunta de Facultade de Dirección e Xestión Pública, integrada por:

- Presidente: Decano da Facultade de Dirección e Xestión Pública Enrique Varela
- Secretario da Xunta da Facultade: Oscar Briones Gamarra
- Representante PAS: Ana Carballo
- Representante Alumnado presencial: Pablo Abilleira e Omar Stiven

1ª reunión: 30/9/22 Comisión Académica de Grao

1. REGULAMENTO DE ESPAZOS DE DIRECCIÓN E XESTIÓN PÚBLICA
2. RECOÑECIMENTOS DE CRÉDITOS E SOLICITUDES DE MODALIDADE DE ESTUDOS A TEMPO PARCIAL
3. APROBACIÓN DE HORARIOS CLASES VIRTUAIS 2º CUADRIMESTRE
4. CALENDARIO DE TFM E TFG. SORTEO DE TRIBUNAIS

2ª reunión: 18/10/22 Reunión introductoria programa de prácticas

A coordinación do programa de prácticas (Oscar Briones e Jose María Chamorro) convocan reunión co estudiantado de 4º para explicar o programa de prácticas.

3ª reunión: 23/10/22 Reunión xeral co alumnado da modalidade semipresencial

Reunión de seguimento, co coordinador do Grao, Oscar Briones para resolver dúbidas e obter información sobre esta modalidade que se atopa no último ano de existencia, convivindo coa modalidade presencial e a 100% virtual.

4ª reunión: 27/10/22 Comisión Académica de Grao

O coordinador do Grao eleva á Comisión os seguintes asuntos que son aprobados:

1. APROBACIÓN DE INFORME DE RESOLUCIÓN DE RECURSOS A RECOÑECIMENTOS DE CRÉDITOS
2. APROBACIÓN DE NOVAS SOLICITUDES DE RECOÑECIMENTOS TRAMITADAS

5ª reunión: 21/11/22

Desenvólvese reunión constitutiva da Xunta de Facultade de Dirección e Xestión Pública.

6ª reunión: 28/11/22

Desenvólvese o procedemento de elección a decanato da Facultade de Dirección e Xestión Pública.

7ª reunión: 1ª XUNTA DE FACULTADE DXP

1. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DA FACULTADE DXP
2. APROBACIÓN DO REGULAMENTO DE ESPAZOS
3. APROBACIÓN DOS MEMBROS DA COMISIÓN DE CALIDADE
4. APROBACIÓN DOS QUINQUENIOS DOCENTES PRESENTADOS

8ª reunión: INICIO DAS REUNIÓN DE EQUIPO DECANAL

DESDE O INICIO DE ANO 2023 REUNIÓN CADA LUNS ÁS 13:00 DO EQUIPO DECANAL COS ASUNTOS DE TRÁMITE E SEGUIMENTO QUE PROCEDAN

9ª reunión: 13/2/23 2ª XUNTA DE FACULTADE DXP

10ª reunión: 16/3/23 3ª XUNTA DE FACULTADE DXP

1. APROBACIÓN DO LÍMITE DE PRAZAS DE ALUMNADO DXP

O decano-comisario informa sobre cuestións varias de desenvolvemento do curso

Principais acordos:

- Acórdase o procedemento de revisión das guías docentes
- Apróbase definitivamente a proposta de horarios e calendario de exames para a modalidade presencial do Grao en

- Apróbase o horario en modalidade virtual do Grao en Dirección e Xestión Pública

27/03/23 REUNIÓN EQUIPO DECANAL - VIREREITORÍA DE INTERNACIONALIZACIÓN

11ª reunión: 5/6/23 4ª XUNTA DE FACULTADE DXP

- Apróbase cambio de data dun día dos exames da convocatoria extraordinaria do mes de xullo de 2023 (11 de xullo para o 10 de xullo)
- Apróbanse as datas de defensa de TFGs para xuño e xullo e calendario do curso 23-24
- Apróbase, o documento de calendario de exames do curso 23-24
- Apróbase, o documento do horario de clases do curso 23-24

12ª reunión 15/6/23: REUNIÓN DE PROCEDIMENTO DE GUÍAS DOCENTES

- A coordinación, co decanato e o responsable de coordinar a elaboración de guías docentes, poner en común o calendario, criterios, principais e datas, que se seguirán no transcurso deste procedemento.

13ª reunión: 12/7/23 5ª XUNTA DE FACULTADE DXP

- Apróbanse as guías docentes de 1º curso DXP
- Apróbanse diversos expedientes de recoñecemento de créditos

14ª reunión: 21/7/23 6ª XUNTA DE FACULTADE DXP

- Apróbanse, as Guías docentes DXP (2º, 3º e 4º curso) tanto na modalidade presencial como na virtual e do Máster online en Dirección Pública e Liderado Institucional
- Apróbanse as modificacións do procedemento TFG
- Apróbase o regulamento interno incorporadas as observacións da Secretaría Xeral
- Dase donta do regulamento da delegación de alumnado
- Trátase o PAT
- Apróbanse diversas solicitudes de recoñecemento de créditos
- Apróbanse os horarios do Grao en Dirección e Xestión Pública na súa modalidade virtual

3.1.2. Reunións da Coordinación coordinadores/a de PAT, coordinador de prácticas e coordinadora de TFG do Grao en Dirección e Xestión Pública

Polo que respecta ao plano de estudos actual, estas reunións lévanse a cabo na propia Xunta de Facultade.

Realízase un seguimento continuo do desenvolvemento do curso coas persoas do equipo decanal, coordinadoras de módulo, coordinadora de PIUNE e igualdade, coordinador de prácticas e coordinadora de Traballos de Fin de Grao.

Respecto á coordinación das prácticas mantéñense reunións co alumnado que rematou as prácticas neste curso para ter coñecemento fidedigno do programa de prácticas e a relación cas entidades que reciben ao noso alumnado.

Calendarízase tamén unha reunión explicativa do programa de prácticas para o vindeiro curso, principalmente co estudiantado de 3º e 4º curso que cumpre os requisitos administrativos e está especialmente interesado no programa.

Na reunión do inicio do curso se aclara o funcionamento do programa de prácticas, de elaboración do traballo de fin de grao e mesmo do funcionamento da biblioteca ou os servizos de informática a disposición do alumnado.

Ademais das reunións realizadas no seo da Xunta de Facultade, o equipo de coordinación do Grao (Coordinador, Decano e Vicedecanos reúnen cada luns durante unha hora para tratar os asuntos xerais da Facultade e o Grao. A maiores desas reunións de coordinación, celébranse as seguintes:

3.1.3. Reunións da Coordinación co alumnado do Grao en Dirección e Xestión Pública.**Modalidade presencial**

Ao alumnado do Grao ven sendo informado a través de diferentes correos mensuais, de todas as cuestións importantes (actividades, novas, datas e procedementos). Tamén existe un espazo común para o Grao GDXP na plataforma de teledocencia Moovi, xestionado pola persoa encargada da Coordinación do Grao e ao que ten acceso todo o alumnado matriculado no curso académico, dende onde se envía de xeito constante información a todo o alumnado do Grao (modalidade presencial/virtual/TFG), e onde está dispoñible a documentación máis importante do Grao (Calendarios, Horarios, Regulamentos, Listados oficiais, cursos complementarios, etc...). Por outro lado, mantivéronse varias reunións: reunión da coordinación e do profesorado co alumnado de todos cursos e de ambas modalidades (presencial e virtual) para a presentación de materias, reunión con representantes de alumnado para informarlles sobre o proceso de modificación do plano de estudos e resolver dúbidas relacionadas con solicitudes de adaptación de planos de estudos.

Ademais, mantivéronse reunións por vía telefónica co Presidente da Asociación de Alumnado do Grao en Dirección e Xestión Pública, así como comunicación fluída semanal con representantes de alumnado de cada curso.

Paralelamente, toda incidencia ou queixa trasladada por un alumno/a ao seu titor/a de PAT ou directamente á coordinación do título é obxecto de seguimento por parte da Coordinación. Todas as incidencias detectadas foron subsanadas.

Finalmente, realizáronse sesións específicas de información de programas de mobilidade para o alumnado da titulación. Estas reunións foron tanto presenciais como virtuais, e foron desenvolvidas co apoio do persoal da Oficina de Relacións Internacionais.

Modalidade virtual

Para o alumnado virtual, leváronse a cabo as seguintes accións de acordo co protocolo PAT específico aprobado na CAG:

Acción	Contido	Data	Responsable	Instrumento
Benvida	Información sobre o comezo das clases, organización e cuestións técnicas sobre a Plataforma de Teledocencia. Acceso ao Espazo Común de Grao e ao Curso 0	Finais do mes de xullo, ata peche de matrícula	Coordinación	Correo electrónico institucional
Mentoría	Acto de acollida institucional	Segundo datas de acollida	Coordinación	Webinar
	Presentación dos estudantes	Primeira semana de clase	Coordinación	Foro de Presentacións en Espazo Común Grao (Moovi)
Toma de contacto	Impresións sobre a marcha das clases	Terceira semana de clase	Coordinación	Foro de Suxestións en Espazo Común Grao (Moovi)
	Impresións sobre a marcha das clases (aquelas/es estudantes que non participan no Foro)	Cuarta semana de clase	Coordinación	Correo electrónico institucional
	Impresións sobre a marcha das clases	Principios mes novembro	Coordinación	Titoría a través de Campus Remoto
Primeira entrevista/reunión	Valoración da experiencia do primeiro cuadrimestre e detección de posibles problemas	Ao final do primeiro cuadrimestre	Titor/a PAT	Campus Remoto ou formulario de enquisa (preguntas abertas e pechadas)
Segunda entrevista/reunión	Valoración da experiencia do segundo cuadrimestre e detección de posibles problemas	Ao final do segundo cuadrimestre	Titor/a PAT	Campus Remoto ou formulario de enquisa (preguntas abertas e pechadas)

3.1.4. Reunións da Coordinación co Decanato e outras Comisións delegadas da Xunta de Facultade (Comisión de Garantía Interna de Calidade, Comisión de Asuntos Económicos...)

- Reunión a principios de cada cuadrimestre.
- Diversas reunións coa Comisión de calidade para aprobar o programa de acción tutorial, os informes de coordinación e dirección, etc.
- Diversas reunións na Xunta de Facultade, nas que se aprobaron cuestións relacionadas co Grao (horarios, exames, guías docentes, etc) ou nas que se transmitiron incidencias vinculadas coa titulación.

3.1.5. Reunións da Coordinación co profesorado do Grao en Dirección e Xestión Pública

O Profesorado do Grao recibe información, a través do Espazo de Coordinación Docente (modalidades presencial, e virtual), de diferentes correos mensuais, de tódalas cuestións importantes (actividades, novas, datas e procedementos). Mesmo se lles lembra, preto da data, actividades ou exames e clases establecidas no calendario. Particularmente, mantivéronse varias reunións, a destacar:

- Diversas reunións co persoal membro de Decanato para tratar cuestións importantes en relación co Grao (Plan de Promoción, Plaxio TFG, horarios, actividades a desenvolver, problemas estruturais do edificio, de medios técnicos, etc.)
- Reunións puntuais para tratar cuestións relacionadas con queixas ou suxestións comunicadas polo alumnado no marco do PAT: traslado de queixas a profesorado para buscar solucións ante problemas puntuais.

A maiores, neste espazo común de coordinación se deixan a disposición do profesorado ferramentas, formularios, normativa relevante así como notas informativas internas para que saiban como proceder en diversas cuestións. Estas notas internas son de extraordinaria axuda e quedan como repositorio ou protocolización de formas de proceder.

A coordinación na modalidade presencial adoita a ter reunións co profesorado, especialmente co profesorado que se incorpora, no que se constitúe como unha especie de entrevista individual de benvida ou acollemento.

No caso concreto da modalidade virtual, a coordinación mantivo numerosas reunións cos/coas docentes para crear/organizar os espazos das materias en Moovi e elaborar os distintos calendarios de docencia (clases virtuais e foros síncronos, actividades de avaliación, calendarios semanais...). O desenvolvemento destas actuacións fíxose dacordo cos protocolos pautan o traballo do profesorado: *Protocolo das titorías de valoración das materias do Grao Virtual en Dirección e Xestión Pública*, *Decálogo de comunicación nas materias virtuais do Grao en Dirección e Xestión Pública*, *Manual de docencia virtual*. *Recomendacións para o deseño e impartición das materias do grao virtual en dirección e xestión pública*, *vinte regras básicas para a impartición de docencia no Grao virtual en dirección e xestión pública*

3.1.6. Reunións da Coordinación con profesorado, alumnado, vicerreitorías e reitorado, con motivo da modificación do plano de estudos

A persoa encargada da coordinación do grao, o Decano comisario da FDXP e o Secretario comisario da FDXP reuníronse co equipo reitoral en diversos momentos para tratar cuestións relacionadas coa creación da nova FDXP, sendo este apartado innecesario para os seguintes cursos dende o momento en que se constitúe en Facultade propia dende novembro de 2022.

3.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas

- Traslado de información ao alumnado, na maioría das ocasións, a través do correo electrónico ou chamada telefónica, aínda que tamén de modo virtual no despacho virtual da persoa encargada da coordinación, para resolver os problemas cotiás do curso.
- Participación en diversas reunións con persoal membro das Vicerreitorías coas que é preciso desenvolver unha relación continua para a probación da PDA e outros informes.
- Organización de actividades dirixidas ao alumnado e participación en actividades de promoción, feiras de emprego, talleres de emprego, etc.

IV. CONCLUSIONES

Neste curso 2022/2023 conseguiu-se que os procedementos sexan máis transparentes, áxiles e de calidade, ao estar previamente establecidos, e moitos deles, unha dobre instancia por parte de dous órganos colexiados; dunha parte, a CAG, e doutra, a Comisión de Calidade ao que se xunta o feito de constituírse en Facultade propia en novembro de 2022. Isto fixo incrementar a seguridade xurídica e obter bos resultados, como o acredita a supervisión por órganos xerarquicamente superiores de calidade, nos últimos informes elaborados polo Grao (informe de viabilidade, de seguimento, etc.). Nesta liña, continúanse facendo esforzos por mellorar os procedementos e solucionar todas as dificultades que se van evidenciando ao longo do curso, para que non se volvan producir, e incorporando novos sistemas de garantía como a implantación e xestión do sistema de *software* antiplaxio á plataforma de xestión dos TFG. As novas prestacións da plataforma Moovi permiten, asimesmo, a incorporación de novas técnicas para a docencia a distancia baseada en medios dixitais, clases ou titorías en remoto, etc; pero tamén como forma de comunicación diaria ordinaria de eventos, actividades, incidencias, ou información relevante a coñecer por profesorado e alumnado.

Novamente, o desenvolvemento das reunións da Comisión Académica do Grao e posteriormente da Xunta de Facultade de Dirección e Xestión Pública 2022/2023, no sentido sinalado anteriormente, foi satisfactorio, xa que se configurou como o elemento aglutinador dos Coordinadores/as, dos debates e aprobación das cuestións máis importantes do Grao (actividades de apertura do curso académico, presentacións, horarios, exames, procedementos, regulamentos, cuestións da delegación de alumnado, e accións así como outras actividades). Considérase un dato positivo a toma de postura sobre as diferentes cuestións logo de debates e consensos co profesorado do Grao, entendendo este procedemento como o xeito máis transparente e democrático de decisión, pois previamente todo o profesorado é informado das cuestións máis importantes con detalle (horarios, calendarios, procedementos, regulamentos e PDA) e as achegas dos mesmos se trasladan á Xunta de Facultade para a súa consideración. Esta constante retroalimentación entre a Xunta de Facultade e o conxunto do profesorado do grao facilita a implementación das decisións e mecanismos de calidade adoptados. Ademais, as actas da Xunta de Facultade, en liña cas recomendacións de transparencia institucional, son aloxadas no espazo común de profesorado e estudantado, a disposición polo tanto da comunidade universitaria.

É por iso que tamén as reunións directas co alumnado e co profesorado serven para fornecer unha boa relación e a procura de chegar a todas as preocupacións e necesidades dos diferentes e máis importantes actores do Grao (tanto presencial como virtual), e como complemento as accións xa mencionadas. En ocasións, serven para transmitir as inquedanzas, dúbidas, solicitudes, etc. a debater no seo da CAG, e noutras, para transmitir os novos procedementos, as novas propostas e proxectos, e as decisións que se van adoptando.

Os traballos realizados dende a Coordinación e a Comisión Académica do Grao (posteriormente Xunta de Facultade DXP) durante o curso académico 2022/2023 estendéronse, igualmente, á continuación da implementación da modalidade virtual do Grao.

En definitiva, séguese apostando polo incremento da calidade da docencia, xa que:

- Todas as materias do Grao en Dirección e Xestión Pública teñen operativo o espazo virtual na plataforma de Teledocencia, sendo principal medio de comunicación co alumnado.
- As materias véñense impartindo respectando as datas contempladas no calendario académico oficial aprobado en Xunta de Facultade e exposto virtual e fisicamente no corredor das aulas DXP..
- Os contidos das materias véñense impartindo de xeito íntegro, sen alteracións a destacar e cumprindo co programa comprometido na guía docente de cada materia.
- Subministranse ao alumnado orientacións, materiais e ferramentas para facilitar a preparación dos contidos e a adquisición de competencias de xeito adecuado; con presenza de reforzo ou orientación das titorías que ten cada profesor/a programadas e desenvolvidas de xeito presencial ou virtual, a demanda do alumnado.
- Mantivéronse abertos canles de comunicación directa co alumnado (horario de atención, solución de dúbidas, titorías, clases síncronas ou asíncronas, corrección de exercicios ou casos prácticos...). Destacan as aclaracións en detalle dos procedementos de avaliación así como as modalidades implementadas.
- Resolvéronse satisfactoriamente todas as incidencias plantexadas polo alumnado en relación coa docencia.

V. ANEXOS

Para completar a información, poderanse achegar actas, guías ou documentos relativos á coordinación realizada no curso académico, non consideradas necesarias no exercicio actual.

Data: Marzo de 2024

Responsable do título: Oscar Briones Gamarra (Coordinador)

Sinatura: